CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Realiza con certo nivel de coñecemento un exame escrito sobre o concepto de Ilustración e sinala algunha das súas críticas ao Antigo Réxime e medios de difusión.		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente un comentario histórico guiado sobre os cambios políticos e económicos derivados da Ilustración.		
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender cales son as características fundamentais dun sistema democrático en antítesis ao ditatorial.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Responde a preguntas cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender o que é globalización, causas, consecuencias e aspectos negativos e positivos e o que é Desenvolvemento Sostible.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo sobre que é globalización, causas e aspectos negativos e positivos.	TI	20
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo mural sobre medio ambiente, identificando e describindo aceptablemente as principais características e causas e consecuencias do seu deterioro.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Realiza e expón con certa soltura un traballo sobre os problemas do despoboamento rural e o crecemento das cidades e a súa relación co medio ambiente.		
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo no que indique como pode contribuír a mellorar o medio ambiente e solucións se poden tomar a diferentes escalas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores. - A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes. - A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia. - A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade.

Contidos

- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.
- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica empregada para desenvolver esta materia debe favorecer:

- Traballar de forma individual e en grupo.
- Pensamento autónomo, crítico e rigoroso.
- Uso de técnicas e hábitos de investigación.
- A capacidade do alumnado de aprender por si mesmo e a transferencia e a aplicación do aprendido.
- Exercitar ao alumnado nos procedementos habituais do xeógrafo e historiador: Natureza, tipoloxía e importancia das distintas clases de fontes, análise e utilización crítica das mesmas, contraste de interpretacións historiográficas; Utilización de información procedente dos medios de comunicación de masas para achegarse ao coñecemento da realidade xeográfica e xeopolítica actual.
- O alumno deberá empregar as tecnoloxías da información e comunicación xa que son unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe, tanto polo seu carácter imprescindible na educación como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

Outras consideracións didácticas:

- Os medios que se utilicen para acceder ao coñecemento histórico variarán ao longo de todo o desenvolvemento da materia co obxectivo de achegar os contidos dun xeito máis claro e eficaz aos alumnos.
- É preciso abordar as cuestións teóricas con obxectividade evitando os xuízos de valor.
- Procurárase abordar as distintas Unidades Didácticas como un conxunto de procesos relacionados entre si e non como feitos illados.

Estratexias metodolóxicas:

- Cando se aborden contidos conceptuais complexos será necesaria a exposición detida e clara do docente, coa realización de esquemas, cadros conceptuais... Para cuestións máis doadas empregaranse estratexias baseadas no descubrimento e indagación por parte do alumnado, a partir de materiais entregados polo profesor/a.
- Para a ensinanza de parcelas máis antigas que é difícil que o alumnado sitúe, ou para aspectos da Historia e/ou da Xeografía que, polo seu afastamento espazo-temporal, non teñen unha repercusión recoñecible no contorno, sería: A presentación dos problemas por parte do profesor/a; A consideración conxunta profesorado-alumnado das distintas alternativas posibles de interpretación; O acordo sobre a natureza e sobre as causas do proceso histórico e/ou xeográfico en cuestión; A ilustración e comprobación das conclusións con exemplos concretos, sempre que sexan procesos xerais.

Para abordar os aspectos relacionados co mundo actual e para o estudo de aspectos da historia máis próxima, a vía sería partir do concreto para chegar ao abstracto e, apoiándose en datos da contorna próxima, inducir a curiosidade de por que é así e ir relacionando a historia local cos seus condicionantes externos para intentar alcanzar unha comprensión de estruturas e de procesos máis amplos, pois non se pode entender o medio no que se desenvolve o alumnado desconectado das súas referencias máis xerais.

Para alcanzar o arriba exposto empregaranse estratexias como:

- Actividades de Iniciación: Faranse ao principio do curso, e ao principio de cada unidade didáctica. Estas actividades servirán para pescudar os coñecementos que os alumnos teñan sobre os contidos a tratar, e tamén para motivalos de cara a unha nova aprendizaxe. Poderán ser baterías de imaxes e cuestións referidas a elas, un pequeno texto para

comentar, unha chuvia de ideas, uso de documentos de distintas clases.

- Actividades de Desenvolvemento: Con estas actividades introduciremos de xeito progresivo os contidos propios da materia permitindo así as aprendizaxes significativas. Estas actividades serán variadas: actividades de reflexión, busca de información... Aínda que moitas delas serán propostas para facer na casa, outras serán propostas para que se fagan na aula en pequenos grupos. Isto é bo, porque cando o alumno encontra dificultades é máis probable que as resolva colaborando con outros compañeiros, chegando así á zona de "desenvolvemento próximo" que evita a frustración cando nos son capaces de resolver algún problema.

- Actividades de Reforzo-Ampliación: Con estas actividades traballaremos os contidos básicos da materia (Activ. de reforzo) e responderemos aos intereses e inquietudes dos alumnos (Activ. de Ampliación). Deste xeito, trataremos de dar resposta as diferentes necesidades que require cada alumno debido a súa diversidade. Poderán ser individuais ou en grupo.

- Actividades de aplicación: son aquelas nas que o alumnado traslada os novos coñecementos adquiridos á explicación dos novos problemas sociais, históricos e xeográficos cos que se enfrenta.

- Actividades de revisión e avaliación, con elas preténdese contrastar os progresos acadados desde as actividades iniciais, facendo conscientes aos escolares da súa propia aprendizaxe.

- Actividades finais de bloque : ao final de cada bloque trataremos de facer actividades que relacionen tódolos contidos vistos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador Portátil
Prensa escrita e revistas de divulgación
Plataforma virtual E-DIXGAL
Pizarra dixital, dicionarios e obras de consulta

Os alumnos e alumnas poden traballar, tanto na aula coma na casa, mediante a plataforma virtual E- DIXGAL ou na Aula Virtual da páxina web do centro.

A prensa escrita e revistas de divulgación empregáranse para ler e analizar artigos de interese histórico ou xeográfico.

Os materiais suministrados polas TICs estarán recompilados na plataforma E-Dixgal ou na Aula Virtual: poden ser presentacións electrónicas de elaboración propia, apuntamentos fotocopiabes, fichas de aula, enlaces a simulacións interactivas, artigos e xornais dixitais.

A pizarra dixital empregárase para a labor docente e a posibilidade de presentar traballos dos alumnos. Os dicionarios e obras de consulta están a disposición do alumnado na biblioteca do centro e no Departamento.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo ao comezo do curso e terá unha función diagnóstica. Ten como obxectivo detectar os coñecementos previos ou competencias do alumnado de cara a materia que se estea a cursar.

No presente curso está previsto que se realice unha proba escrita a mediados de setembro. A información recollida na mesma terá carácter cualitativo e orientativo. A proba versará sobre contidos moi xenéricos de xeografía e historia pertencentes ao curso anterior.

Os resultados desta proba compartiranse na avaliación inicial cos demais membros da Xunta de Avaliación. A partir de aquí, valorárase si precisamos aplicar medidas de atención á diversidade (reforzos, ACS) a determinado alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Proba escrita	55	65	80	67
Táboa de indicadores	45	35	20	33

Criterios de cualificación:

Probas escritas (70%): En cada trimestre realizaranse polo menos 2 probas escritas, en función do trimestre. A nota da avaliación correspondente a este apartado será o resultado da media das probas escritas.

Actividades diarias (20%): Co obxectivo de levar un rexistro o máis detallado posible, este baremo basearase no traballo feito na aula e o esforzo do alumnado. Revisaranse os exercicios, esquemas ou resumos propostos que serán recollidos no caderno do profesor de forma positiva ou negativa.

Traballos (10%): Ao longo do curso levarase a cabo, a lo menos, un traballo de investigación por cada unha das avaliacións. Estes traballos serán levados a cabo de forma dixital e deberán ser expostos. Para a súa avaliación, os alumnos disporán da rúbrica correspondente.

O resultado de aplicar estes porcentaxes, dará lugar a un valor que será expresado sen decimais, redondeada á unidade máis próxima, e en caso de equidistancia, á superior.

A cualificación final do alumnado será a media aritmética da nota media de cada unha das avaliacións trimestrais. O resultado virá expresado sen decimais, redondeado á unidade máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior. Para a promoción da materia é preciso obter unha nota mínima de suficiente.

Criterios de recuperación:

Os alumnos/as que non acadaran a nota de suficiente nalgunha avaliación, terán posibilidade de recuperala na seguinte avaliación, volvendo a realizar/entregar aquelas probas ou traballos non superados. Deste xeito as probas escritas versarán sobre os contidos desenvolto nas unidades didácticas suspensas.

Aqueles alumnos/as que non superen a materia nas avaliacións parciais, terán que facer unha proba escrita en xuño de recuperación das partes nas que teñen a materia suspensa. A proba terá a intención de valorar distintos aspectos no proceso de aprendizaxe do alumno/a como son: Comprensión e argumentación de conceptos, aplicación dos mesmos a propostas pechadas concretas, argumentación razoada ante diferentes propostas suscitadas sobre feitos concretos, resolución de cuestións, probas de interpretación de distintos tipos de documentos historiográficos... Estará centrada nos contidos específicos das avaliacións que non teña superadas e axustarase ao grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación da materia. A súa elaboración e corrección corresponderá ao profesor do curso correspondente. O alumnado contará con material de reforzo elaborado polo profesorado para a superación da materia, o cal se lle proporcionará cando soliciten.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os alumnos e alumnas que teñan a materia pendente recibirán un boletín de exercicios con cuestionarios e actividades de reforzo, que versarán sobre os contidos mínimos/grao mínimo de consecución dos estándares da materia correspondente. Estes boletíns serán elaborados polo departamento, e o desenvolvemento deste programa de reforzo corresponderalle ao xefe do departamento. A realización correcta e puntual destas actividades utilizarase tamén como instrumento de avaliación para a cualificación final da materia pendente.

O alumnado debe realizar tres probas escritas que versarán sobre o grao mínimo de consecución dos estándares. A materia polo tanto, desdobrarase en bloques do xeito máis equitativo posible.

Os boletíns de exercicios coas actividades de reforzo poderán aportar ata un máximo dun 50% da nota final. Preténdese con esta medida valorar e premiar o traballo e o interese do alumnado por acadar os obxectivos da materia pendente.

É imprescindible a entrega dos exercicios programados para cada parte da materia nos prazos estipulados.

A realización de tres probas escritas durante as avaliacións trimestrais aportarán o 50% restante da nota.

Se o alumnado non entrega ningún boletín de exercicios a cualificación final virá dada exclusivamente pola nota dos exames oportunos.

Considerarase a materia aprobada se o alumnado acada unha cualificación igual ou superior a cinco.

Os alumnos/as que non superasen a materia pendente nas avaliacións trimestrais, terán unha proba de recuperación que consistirá unicamente nunha proba escrita (100% da nota).

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é unha característica intrínseca dos grupos humanos, xa que todos temos unha maneira diferente de pensar, de actuar, de comportarnos. e polo tanto os alumnos e alumnas, como grupo humano que son, presentan unha diversidade a que compre darlle resposta. Así, establécense unha serie de medidas para á atención á diversidade do alumnado que encontraremos na aula. Hai dous tipos de diversidade:

Diversidade non significativa: Abarca un amplo espectro de situacións e orixes, así podemos atopar:

- Distinto desenvolvemento cognitivo, isto poténciase polo feito de que podemos encontrar na aula alumnado de diferentes idades.
- Diferentes niveis de competencia curricular, xa que as capacidades e competencias obtidas nos niveis e cursos anteriores poden ser distintas entre o alumnado.
- Distintos estilos de aprendizaxe, mentres uns presentan unha aprendizaxe máis memorística, outros presentan maior facilidade para aprender dun xeito máis visual, outros teñen máis capacidade de razoamento e outros precisan da experimentación para comprender e afianzar determinados conceptos.
- Diferente procedencia do alumnado (ambiente sociocultural, contexto social...), factores que influirán enormemente no alumnado.

As medidas que se tomarán na aula para atender a toda esta diversidade serán variadas e diversas, por unha parte actividades de reforzo que traballen os contidos básicos, esenciais e prioritarios da materia, por outra parte, se traballarán tamén actividades de ampliación de diversos contidos tratados a priori. Estas actividades de ampliación darán resposta aos diferentes intereses presentes no alumnado. Por outra banda, as probas escritas, constarán de preguntas variadas, de desenvolvemento, de relación, de razoamento, e para así poder dar resposta a diversidade en canto aos distintos estilos de aprendizaxe. Tamén é importante, a relación fluída co titor/a da aula, xa que é a persoa que ten información máis directa de posibles factores que puideran influír no proceso de ensino-aprendizaxe de cada alumno e alumna. Por último, a hora de atención ao alumnado, o recreo e as consultas a través dun soporte

informático, estarán moi presente ao longo do curso para que se utilice como medio de resolución de problemas no proceso de ensino-aprendizaxe xa que así, poderase ter unha atención máis personalizada co alumnado.

A diversidade significativa, abarca tamén un amplo espectro de situacións:

- Alumnado con Necesidades Educativas Especiais (físicos, psíquicos, sensoriais ou alteracións graves da conduta).
- Con altas capacidades intelectuais.
- Con integración tardía no sistema educativo español.
- Que requiran determinada apoios e atencións específicas derivada de circunstancias sociais: alumnado en réxime hospitalario, embarazadas, de familias itinerantes, vítima de violencia de xénero ou acoso escolar, alumnado sometido a réxime de tutela,...

Así, segundo establece o noso decreto, as adaptacións poden ir dende unha flexibilización do período de escolarización ata unha medidas máis extraordinarias coma flexibilización do currículo cando as medidas ordinarias non xurdiran efecto. Isto terá que ser coordinado sempre dende o Departamento de Orientación do Centro.

Polo tanto, atendendo ao criterio de acadar a maior eficacia no grupo, poderase elixir en calquera momento, as actividades máis adecuadas para cada alumno e alumna ou situación particular da clase. Por exemplo:

No caso do alumnado de altas capacidades deberemos proporcionarlle recursos, materiais adicionais, actividades de ampliación, situacións de estímulo e superación, etc. Algunhas das actividades que se lle ofrecería desenvolver durante o curso nas materias de Departamento, deserían as seguintes:

- Actividades de exposición de noticias de carácter social, político, económico ou artístico orixinais para que os sintetice e os expoña ós seus compañeiros.
- Resolucións de problemas de nivel máis complexo.
- Elaboración de traballos de interese social sobre determinados temas de actualidade: os transxénicos, memoria histórica, o papel da muller ó longo da historia, loita polo dereito ó sufraxio masculino e feminino...
- Buscar novas que poidan ser de interese, por estar relacionadas coa unidade didáctica que tratemos neses intres.

Aplicaranse medidas de reforzo educativo a todos aqueles alumnos que non superen os obxectivos durante o proceso de avaliación continua ao longo do curso.

Estas actividades de reforzo educativo comprenderán a elaboración de resumes dos conceptos máis importantes tratados, elaboración de actividades de recordatorio máis sinxelas, e todas aquelas modificacións metodolóxicas que se precisen para que o alumnado sexa capaz de acadar os obxectivos.

En determinados casos, e guiados polo Departamento de Orientación, tamén se elaborarán adaptacións curriculares significativas (ACS) introducindo modificacións no currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación) para aqueles alumnos que o precisen.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental.	X	X	
ET.3 - Educación cívico-social.	X	X	X
ET.4 - Emprendemento.		X	

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.5 - Desenvolvemento Sostible.	X	X	
ET.6 - Educación para a paz	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumidor		X	

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Por suposto traballar a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, educación para paz, en definitiva, os ODS...é prioritario nesta materia e neste curso xa que gran parte dos temas curriculares xiran arredor destes aspectos. Así mesmo, a comunicación audiovisual será aproveitada dun xeito responsable en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente e ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado.

Como tema transversal inclúese a comunicación pois vanse promover os debates ordenados nos que se cumpran as normas de respecto e a tolerancia polas opinións contrarias que, en definitiva, conlevan a unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a charlas.	Complementaria		X	X
Excursións de interese didáctico.	Complementaria		X	X
Proxección de cine de interese para a materia.	Complementaria	X	X	X

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real.

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases
Existe unha distribución temporal equilibrada
Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos
Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas
Metodoloxía empregada
Tivéronse en conta aprendizaxes significativas
A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a
Fai un seguimento do traballo diario dos alumnos/as
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprega recursos variados na clase para as aprendizaxes
Medidas de atención á diversidade
Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe
Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe
Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente tendo en conta os informes psicopedagóxicos
Clima de traballo na aula
O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Os criterios de promoción están consensuados entre os docentes
Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer aos alumnos/as e as familias

Descrición:

A programación revisarase as veces que sexa necesario ó longo do curso, según as necesidades que xurdan nas reunións de departamento, e o rematar o curso farase unha avaliación final para incluír as modificacións que precise. Cada membro do departamento responderá as cuestións incluídas neste apartado para obter información sobre a adecuación da programación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento.

Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

9. Outros apartados